



OS PETROGLIFOS DE AMES.



Os Batáns

Vense varios gravados o mais rechamante unha cruz cunha covaña ao seu carón. Son varias rochas as que presentan gravados, círculos concéntricos, covañas.

Descubertos a causa das obras da autopista, conservase o conxunto rochoso debaixo desta. Existen nela a lo menos 5 gravados, todos moi desgastados

Topónimo: fai referencia aos aparatos movidos pola forza da auga cos que se batía o liño.



Qué imos ver?

OS PETROGLIFOS DE AMES, ORIXE, ANTIGUIDADE E SIGNIFICADO

Etimoloxicamente, a palabra petróglifo ven dos termos gregos *petra* (pedra) e *glyphein* (tratar). Os petróglifos son deseños simbólicos rexistrados en rochas, raspando a súa capa superficial. Moitos deles foron feitos polos homes prehistóricos no período neolítico. Os petróglifos de Ames pertencen todos ao período da Idade do Bronce. Atopamos 6 xacementos:

Os principais petróglifos

A Peneda Negra

É un enorme bloque granítico con paredes case verticais, en cuxa cima se gravaron uns poucos motivos abstractos, de tal xeito que calquera que se situase xunto ás figuras veríase realzado como se estivese sobre un escenario. Así, a visión do afloramento rochoso desde unha posición inferior é tan importante como a panorámica que se pode contemplar desde a propia rocha

A Nave

Só se ve un gravado, pero pode ser que existan mais baixo o substrato vexetal que cubre a rocha. O gravado aproveita a protuberancia da rocha granítica. O seu deseño consta de 5 círculos concéntricos cunha gran covaña central, atravesada por unha liña que establece un eixo que sobresaie polos dous extremos do debuxo

Topónimo: pode proceder da palabra celta “nava” que designaba un lugar elevado que pola súa forma podía concentrar auga de choiva.

O Petróglifo de **Oca**, a **Nave** de *Mourigade*, O conxunto de “**Os Batáns**”, **Pedra Estivada** e **Peneda Negra**. Todos eles están recollidos no PXOM do Concello e están, agás o de **Pedra Estivada**, catalogados, por Patrimonio.

Os petróglifos Galego - portugueses están realizados en afloramentos rochosos no exterior e son de tipo granítico. Xeralmente son horizontais..



OUTROS PETRÓGLIFOS VISITABLES, PERO DE ESCASA IMPORTANCIA POLA SÚA POUCA VISIBILIDADE: **PENA ESTIVADA**.

PENA DA MIRA



Oca

Nun penedo de 6 metros de altura e 15 de longo (aprox.), atópanse debuxos de círculos concéntricos, con covañas centrais, artillados uns



sobre outros. Ao mesmo tempo aparecen covañas e debuxos circulares dispersos. Non pode verse na súa totalidade a causa do substrato vexetal que o cubre. O primeiro en describilo foi Ramón Sobrino. Os debuxos que este arqueólogo achega dan fe do complexo do deseño e tamén do seu tamaño

Topónimo: “Oca” ten probablemente orixe no topónimo euskera *Oka* que significa río. Tamén nos atopamos con algúns derivados formados por oca+ *ondo*, “oquendo” que significaría xunto ao río, ou tamén meandro.



BOAS PRÁCTICAS

Debe terse coidado en non deteriorar a contorna.

A mellor visibilidade dáse á noite e o amencer, mesmo en noites de lúa chea.

Para mellorar a visibilidade dos gravados poden mollarse con auga limpa

Para copiar os debuxos, mellor un papel de seda para calcalos suavemente



CONDUTAS A EVITAR

No deben marcarse con xiz ou outros materiais, a reacción química desgástaos

Non debe retirarse a vexetación que os cubre rascando con ningún obxecto punzante.

Non deben baleirarse moldes de escaiola nin outros materiais pois degradan a pedra.



LINKS

<https://sites.google.com/site/petroglifosdeames>
www.antropoque.blogspot.com
<https://maps.google.es/?mid=1368276275>